




TEIXIDO-AS CORTES pola xeo-ruta do granate

Adela Leiro, Mon Daporta
xullo 2017



Distancia: 6 km (ida e volta)

Dificultade: alta



Unha ruta polos cantís de Santo André de Teixido (Cedeira), dentro do LIC Costa Ártabra, de grande interese paisaxístico, xeolóxico e biolóxico, nunha zona que se asenta sobre materiais de orixe glaciario superpostos a un grande deslizamento.

O itinerario correspóndese coa “Xeo-ruta do granate” da “Guía xeolóxica de sete rutas polo concello de Cedeira” na que se explica o camiño e o máis destacado dos aspectos xeolóxicos.

Unha camiñada cun tramo de ida case sempre costa abaixo, a non ser a pequena subida que hai que facer para superar a altura do Bico, por un carreiro evidente e preto dos cantís, e volta polo mesmo camiño, agora costa arriba, para completar uns 6 km de andaina e gozar dunha fermosa ruta natural, unha espectacular paisaxe -enriquecida polas formas e as cores dunha variada xeoloxía e os efectos que provocaron sobre ela as forzas da natureza-, e a presenza de especies propias desas contornas entre as que se atopan algunhas de distribución reducida ou case exclusiva da zona: fentos mariños e capilarias, lirios dunha especie que se coñece nas montañas máis altas de Galiza e na Capelada; *Rumex scutatus* subsp *gallaecicus*, e *Linaria polygalifolia* subsp *aguillonensis*, propias da Capelada e zonas próximas, *Primula veris* que en Galiza só se atopa no norte das provincias da Coruña e Lugo e, por descontado, as moitas de herba de namorar, e prados encostos e mato de toxos entre os que pastan cabalos, ovellas e cabras en liberdade, e voan numerosos insectos e paxaros do mato e dos rochedos; ademais da flora e a fauna mariña asociadas as rochas das costas expostas -lapas, percebes, queimacasas, chuponas, distintas especies de caracolas entre as que chama a atención o caramuxo anano que forma grupos numerosos en zonas case sempre por enriba da liña da marea onde só recibe as pingas dos salseiros,... algas

Para poder gozar plenamente desta ruta debemos ter en conta as mareas porque algúns puntos só son accesibles ao devalar a marea.

Podemos completar o día cunha visita a aldea de Santo André de Teixido onde destaca o seu Santuario e a Fonte do Santo.



O Bico



Praia das Cortes



O Peirao



Paredes da caída da serra cara ao mar



Enseada das Cortes







Praia das Cortes



Punta de San Domingo





Punta do Peirado de Rarribo



Praia das Cortes





Na praia podemos gozar da grande variedade de rochas puídas polo mar



Rochar pregadas na beira do cantil



Un filón nunha granulita



Fento mariño (*Asplenium marinum*)




Linaria polygalifolia subsp. *aguillonensis*



Rumex scutatus subsp. *gallaecicus*



Coído e praia das Cortes




Granulitas con granates



Unha dobra no cantil



Cabalgamento na zona de contacto entre as rochas ultramáficas e os gneiss



Serpentinas



Zona de contacto entre as rochas ultramáficas (no primeiro plano, máis escuras) e os gneiss (de cor castaña)